



CONVOCATORIA MESA DE NEGOCIACIÓN

Pola presente comunícaselle que o vindeiro martes 21 de maio de 2013, ás 11:00 horas, terá lugar na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística a sesión da **MESA DE NEGOCIACIÓN** co seguinte

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO E ÚNICO: Modificación da Relación de Postos de Traballo da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

En Santiago de Compostela, a 13 de maio de 2013.
A directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.


Asdo.: María Martínez Allegue



RECIBIN

ORGANIZACIÓN SINDICAL CIG

.....de.....de 2013



MEMORIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística creouse pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, como instrumento fundamental para velar pola utilización racional do solo conforme ó disposto no ordenamento urbanístico.

Segundo o disposto na Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ten natureza de consorcio autonómico, sendo unha entidade instrumental da Administración Xeral da Comunidade Autónoma dotada de personalidade xurídica propia e suxeita na súa actividade ás normas que rexen a organización, o funcionamento e a actuación das administracións públicas e no non previsto nelas, ó disposto nos seus estatutos. A tales efectos, o Consello da Xunta de Galicia, mediante Decreto 213/2007, aproba os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

A súa estrutura orgánica regúlase no Decreto 51/2008, do 6 de marzo, modificado por Decreto 451/2009, do 23 de decembro. Nel establécense as distintas unidades administrativas existentes e as funcións asinadas a cada unha delas, xurdindo no momento actual a necesidade de modificar as citadas unidades pola situación de crise que estamos a vivir, polos desaxustes postos de manifesto no quefacer diario da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística dende a data da súa creación e para dar cumprimento ó disposto no artigo 25 da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013. Esta modificación implica, necesariamente, a modificación da actual Relación de Postos de Traballo da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 74 que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, a que se adscriban, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias, sendo os devanditos instrumentos públicos.

A relación de postos de traballo (en adiante RPT) da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística publicouse no Diario Oficial de Galicia nº 104, do 30 de maio de 2008. Posteriormente, como consecuencia da modificación introducida pola lei 15/2010 no artigo 30 do Decreto legislativo 1/2008, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, a Consellería de Facenda modificou de oficio todas as relacións de postos de traballo da Xunta de Galicia para que nas mesmas quede reflectido a cobertura polo sistema de libre designación dos postos de traballo das xefaturas de servizo e equivalentes. E no Diario Oficial de Galicia nº 71, do 13 de abril de 2012, publicouse o última modificación da RPT da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, que introduciu os seguintes cambios:



-. Transferencia á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo dos seguintes postos de traballo: 2 Inspectores Urbanísticos, 3 postos da Sección de Tramitación Administrativa, 7 Subinspectores Urbanísticos e 3 Auxiliares Administrativos. Posteriormente, e vista a carga de traballo existente na Axencia, acordouse modificar esta proposta solicitando a non transferencia do posto de traballo de Inspector Urbanístico (código OT.B01.00.000.15770.030).

-. Creación do posto de asesor xurídico, para cumprir-la previsión legal recollida no artigo 21 do Decreto 213/2007 polo que se aproban os estatutos da Axencia e no artigo 3 bis do Decreto 51/2008 introducido polo Decreto 451/2009.

-. Apertura-lo acceso ós postos de traballo de tódalas Xefaturas de Servizos Provinciais a funcionarios da administración xeral autonómica e á administración especial autonómica.

-.Restrinxi-lo acceso ó posto de traballo denominado "Sección Informática" (código OT.B01.00.000.15770.130) á funcionarios da Administración autonómica, aperturalo a funcionarios pertencentes ó Subgrupo C1 e elimina-lo requisito da titulación académica.

-. Suprimi-las observacións existentes na RPT.

-. Incluí-la titulación de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos nos postos de traballo de Subdirector/a Xeral e Xefaturas de Servizos Provinciais.

-. Eliminar na actual RPT a adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado, Comunidades Autónomas e Administración Local (A12) do posto de traballo denominado Xefatura de Servizo Técnica e esixir a súa cobertura por funcionarios autonómicos galegos pertencentes á administración autonómica especial-escala de inspección urbanística.

-. Apertura-lo acceso ó posto de traballo denominado Xefatura de Servizo de Inspección do Litoral a funcionarios autonómicos pertencentes á administración xeral.

Tal e como se indicou anteriormente, un dos motivos que fai necesaria a modificación da estrutura orgánica e da RPT desta Axencia é dar cumprimento ó disposto no artigo 25 da Lei 2/2013, que non inclúe no anexo de persoal da citada lei, e polo tanto carecen de dotación orzamentaria, as prazas das relacións de postos de traballo que se atopen vacantes sen ocupación, e obriga a modificar estas co obxecto de amortizalas mesmas. Para determinar o número de prazas a eliminar, establécese a seguinte comparativa entre o Anexo de Persoal do exercizo 2013 e a RPT desta Axencia vixente na actualidade:

COMPARATIVA ANEXO DE PERSOAL 2013/ RPT VIXENTE

DENOMINACIÓN	Nº DE POSTOS	
	2013	RPT
ASESOR XURÍDICO	1	1
SUBDIRECTOR XERAL	1	1
XEFATURA DE SERVIZO A	6	7
XEFATURA DE SERVIZO B	3	4



INSPECTOR URBANÍSTICO	18	18
XEFATURA SECCIÓN A	2	2
XEFATURA SECCIÓN A- HABILITADO	1	1
XEFATURA SECCIÓN A- INFORMÁTICA	1	1
SUBINSPECTOR URBANÍSTICO	18	21
PROGRAMADOR	1	1
SECRETARIO/A DIRECTOR XERAL	1	1
XEFATURA NEGOCIADO B	7	7
SECRETARIO/A SUBDIRECTOR XERAL	1	1
POSTO BASE SUBGRUPO C2	13	16
POSTO BASE AGRUP. PROF.-CONDUCTOR	2	2
TOTAIS	76	84

Debe sinalarse, en primeiro termo, a imposibilidade de proceder no momento actual a modificar a RPT desta Axencia no relativo ás prazas de subinspector urbanístico e da totalidade dos postos base subgrupo C2 sen cobertura orzamentaria polos seguintes motivos:

1.- Pola Orde de 28 de novembro de 2012 convócase concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración especial da Xunta de Galicia, afectando o mesmo a quince prazas de subinspector urbanístico desta Axencia, entre as que se inclúen as que se atopaban vacantes e que carecen, polo tanto, de dotación orzamentaria. Ademais, cinco prazas de subinspector urbanístico están ocupadas en propiedade por funcionarios integrados e unha está ocupada por funcionario interino que está a prestar servizos na administración autonómica antes do ano 2.005.

2.- En canto ás tres prazas de posto base subgrupo C2 que carecen de dotación orzamentaria, dous adxudicáronse na Orde de 30 de novembro de 2012 pola que se procede ó nomeamento como funcionarios do Corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, dos aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola orde de 21 de xullo de 2011. Ademais, pola Orde do 20 de febreiro de 2013 se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración xeral da Xunta de Galicia, afectando ó mesmo a sete prazas de posto base subgrupo C2 desta Axencia. Tendo en conta que oito destas prazas están ocupadas en propiedade (entre as que se inclúen as adxudicadas na Orde de 30 de novembro de 2012 anteriormente citada) e que se pode materializa-la posibilidade que se adxudiquen no concurso as sete prazas ofertadas, resultaría un total de quince prazas ocupadas en propiedade nesta Axencia. E visto que unha das prazas de posto base subgrupo C2 que se atopaba vacante e que carece, polo tanto, de dotación orzamentaria, non se incluiu no concurso anteriormente citado, no momento actual se podería amortizar; quedando pendentes de dotación orzamentaria dúas prazas de posto base subgrupo C2.

Sentado o anterior, de seguido procédese a analizar e xustificar cada unha das modificacións posibles que se considera necesario efectuar na vixente Relación de Postos de Traballo vixente:

1.- Eliminación das Xefaturas de Servizo de Inspección do Litoral (código de posto MA.B01.001.15770.040) e de Ditames e Informes (código de posto MA.B01.001.15770.060):



O artigo 25 da Lei 2/2013 afectou ás prazas de xefaturas do Servizo de Inspección Urbanística I e do Servizo Provincial de Pontevedra; prazas que se consideran imprescindibles e de imposible eliminación para un axeitado funcionamento desta Axencia no seu quefacer diario. Xurde, polo tanto, a necesidade de modifica-la estrutura orgánica da Axencia e a súa Relación de Postos de Traballo para dar cumprimento ó disposto no citado artigo 25.

Pero ademais esta necesidade de modificación ven motivada por distintos factores distintos ó mandato contido no artigo 25 da Lei 2/2013. Así, esta Axencia pretende coa mesma dar continuidade á senda de austeridade no gasto público iniciada pola Administración da Comunidade Autónoma galega, fomentar políticas de saída da crise económica existente a todos os niveis e, fundamentalmente, acadar unha Administración mais eficaz e mais eficiente mediante a adecuación das súas necesidades de funcionamento postas de manifesto no desenvolvemento da súa labor cotiá;

Por todos os motivos anteriormente expostos, e tendo en conta a experiencia de traballo acadada dende que esta Axencia comezou a súa andadura, resultaría mais proveitoso, tanto en termos de eficacia como de eficiencia, a **supresión dos seguintes servizos:**


- **Servizo de Inspección do Litoral**, asignando as súas funcións aos Servizos de Inspección I, II e III en función do ámbito territorial de actuación, así:

- As actuacións cometidas na provincia de A Coruña pasarían a formar parte das funcións do Servizo de Inspección Urbanística I.
- As actuacións cometidas na provincia de Pontevedra pasarían a formar parte das funcións do Servizo de Inspección Urbanística II.
- As actuacións cometidas na provincia de Lugo pasarían a formar parte das funcións do Servizo de Inspección Urbanística III.

- **Servizo de Ditames e Informes.** No desenvolvemento diario do traballo desta Axencia púxose de manifesto que a tramitación dos recursos administrativos constitúe a función fundamental desenvolvida por este Servizo e que o desempeño desta función polo Servizo de Inspección Urbanística que instrúa o expediente administrativo onde se elabore a proposta de resolución obxecto de impugnación produciría unha xestión mais eficaz e eficiente do traballo desta Axencia, ó ter un perfecto coñecemento do expediente administrativo que debe ser obxecto de estudo para a proposta de resolución do recurso. Polo anteriormente exposto, considerase que coa eliminación deste Servizo de Ditames e Informes e a asignación das súas funcións ó Servizo de Inspección Urbanística encargado da instrución do expediente do que trae a súa causa o correspondente recurso administrativo acadaríase un mellor funcionamento administrativo e reduciríase o gasto público.

Esta modificación na estrutura orgánica implica a supresión dos posto de traballo denominados "Xefatura de Servizo de Inspección do Litoral" e "Xefatura de Servizo de Ditames e Informes".

2.- Eliminación do posto base subgrupo C2 co código de posto MA.B01.00.000.15770.075



Como xa se explicou anteriormente, o artigo 25 da Lei 2/2013 afecta a tres prazas de posto base Subgrupo C2, sendo adxudicadas en propiedade dúas delas pola Orde de 30 de novembro de 2012. A praza restante non se incluído no concurso convocado pola Orde do 20 de febreiro de 2013, polo que procede a súa amortización para dar cumprimento ó establecido no artigo 25 da Lei 2/2013.



VALORACIÓN ECONÓMICA DOS CUSTOS DERIVADOS DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

Dado que esta modificación dará lugar á supresión dos postos de traballo denominados “Xefatura de Servizo de Inspección do Litoral”, “Xefatura de Servizo de Ditames e Informes” e “Auxiliar Administrativo” a mesma non conlevará ningún custe para a Administración, senon todo o contrario, producíndose un aforro anual nas retribucións de 97.328,28 € de acordo co seguinte desglose e tendo en conta que no cálculo efectuado non se incluíu o importe correspondentes ós trienios:

COSTE XEFATURA DE SERVIZO EN SERVIZOS CENTRAIS ANO 2013							
SOLDO ANUAL	PAGA EXTRA	COMPLEM. DESTINO	COMPLEM. ESPECIFICO	IPC ANUAL	TOTAL RETRIBUCIONS	PRAZAS	TOTAL AFORRO
13.308,60	3.033,52	9.988,80	13.698,72	151,47	40.181,11	2,00	80.362,22
COSTE POSTO BASE C2 ANO 2013							
SOLDO ANUAL	PAGA EXTRA	COMPLEM. DESTINO	COMPLEM. ESPECIFICO	IPC ANUAL	TOTAL RETRIBUCIONS	PRAZAS	TOTAL AFORRO
7.191,00	1.707,72	3.120,84	4.881,60	64,90	16.966,06	1,00	16.966,06

A esta cantidade debe engadirse o aforro correspondente á Seguridade Social a cargo da empresa, que acadaría unha cantidade aproximada de 24.800,00 € anuais.

En definitiva, coa modificación da Relación de Postos de Traballo se acadaría unha redución e racionalización do gasto público que está a seguir a comunidade autónoma galega para saír da actual situación de crise, e daríase cumprimento ó preceptuado no artigo 25 da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.